



Pontevedra)



36870 Mondariz

Tfno: 986 664 306

Concello de  
Mondariz

Merouces 16

Fax:

986 656 006

[info@concellodemondariz.com](mailto:info@concellodemondariz.com)

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXEN A CONTRATACIÓN COMO CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL, POR PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MAIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, PARA A EXPLOTACIÓN DUN QUIOSCO NA PRAIA FLUVIAL DE O CEO, MONDARIZ.**

**CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto do Contrato**

O contrato ten por obxecto a explotación do quiosco situado na praia fluvial de O Ceo, cualificado como ben de dominio público de titularidade municipal, para destinalo a quiosco mediante a modalidade de contrato administrativo especial, de conformidade co establecido na Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas en relación co Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Descrición do inmovible: Quiosco da praia fluvial de O Ceo.

- a) Situación xeográfica: Praia fluvial de O Ceo, localidade: Mondariz; Provincia: Pontevedra.
- b) Superficie: 30 m<sup>2</sup>.
- c) Destino do ben: Quiosco.
- d) Código CPV: 92330000-3 – Servicios de zona recreativa.

O contrato definido ten a cualificación de contrato privado, tal e como establece o artigo 20.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

O acondicionamento e equipamento do quiosco será a cargo do adxudicatario.

**CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adxudicación**

A forma de adxudicación do contrato será o procedemento aberto, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 14 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.



Pontevedra)



36870 Mondariz

Tfno: 986 664 306

Concello de  
Mondariz

Merouces 16

Fax:

986 656 006

[info@concellodemondariz.com](mailto:info@concellodemondariz.com)

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá atenderse a varios criterios vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co artigo 150 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro e coa cláusula décimo cuarta deste Prego.

### **CLÁUSULA TERCEIRA. O Perfil de Contratante**

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de Contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: <http://www.concellodemondariz.gal>.

### **CLÁUSULA CUARTA. Canon**

O canon que serve de base á licitación fíxase en 600 euros para os catro meses da tempada de verán ( de xuño a setembro ) actualizado ao índice de prezos ao consumo, abonarase cunha periodicidade anual.

Fóra da tempada o canon base fíxase en 50 € a quincena.

A mesma cantidade abonarase polo adxudicatario nos casos de resolución anticipada do contrato por culpa ou incumprimento do contratista.

No período que se corresponda co inicio do contrato, procederase ao prorrateo do canon en proporción aos meses naturais que restan para o remate da tempada de verán, incluíndo o do comezo do contrato.

O canon será revisable anualmente, a partires da data de sinatura do contrato , en función da variación do IPC do exercicio natural anterior, e con efectos para o ano seguinte.

O canon abonarase ao Concello por adiantado, dentro do mes de xuño, e no primeiro exercicio dentro do prazo dun mes a contar desde a formalización do contrato. No caso do canon fora da tempada abonarase por adiantado, dentro dos 5 primeiros días da quincena.

Será causa de resolución do contrato a falta de pago en prazo, sen prexuízo da súa exacción por este Concello en vía de constrinximento.



(Pontevedra)



36870 Mondariz

Tfno: 986 664 306

Concello de  
Mondariz

Merouces 16

Fax:

986 656 006

[info@concellodemondariz.com](mailto:info@concellodemondariz.com)

### **CLÁUSULA QUINTA. Órgano de Contratación**

O órgano competente para efectuar a presente contratación e tramitar o expediente, de conformidade coa Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, será a Alcaldía.

### **CLÁUSULA SEXTA. Duración**

O prazo de utilización do ben de dominio público será de 2 anos, a partir da sinatura do contrato, susceptibles de prórroga anual expresa por 2 máis, ata un máximo total de contrato de 4 anos.

O Concello resérvase o dereito de rescindir o contrato antes do seu vencemento, se o xustifican circunstancias de interese público. Salvo que a rescisión estea baseada en motivos imputables á culpa do adxudicatario, procederá o resarcimento dos danos e prexuízos de acordo coas normas vixentes no momento da rescisión. En tal caso, o adxudicatario comprométese a abandonar e deixar libre o local no prazo dun mes dende a notificación da rescisión. Se incumprise con isto último, perderá automaticamente o dereito á indemnización de danos e prexuízos.

### **CLÁUSULA SÉTIMA. Deberes e Facultades do Adxudicatario**

Serán dereitos e obrigas básicas do adxudicatario as seguintes:

- 1.- Realización dos traballos e adquisición de tódolos elementos precisos para o funcionamento do servizo como quiosco.
- 2.- Xestionar e explotar a actividade. Explotar o local unha vez acondicionado, asegurando o funcionamento do mesmo, como mínimo, na tempada de verán.
- 3.- No caso de que o adxudicatario desexe abrir voluntariamente o quiosco fóra da tempada de verán deberá solicitalo ao Concello e deberá ser aceptada polo mesmo. O período mínimo de solicitude será quincenal.
- 4.- O quiosco explotarase polo adxudicatario, quedando expresamente prohibida calquera cesión ou traspaso da adxudicación.
- 5.- O adxudicatario realizará a explotación do quiosco pola súa conta e risco.



Pontevedra)



36870 Mondariz

Tfno: 986 664 306

Concello de  
Mondariz

Merouces 16

Fax:

986 656 006

[info@concellodemondariz.com](mailto:info@concellodemondariz.com)

6.-Destinar as dependencias, obxecto do contrato, ao uso específico do servizo de quiosco sen aplicalas a outros usos. Neste sentido, o adxudicatario non poderá enaxenar nin gravar sen autorización bens, dereitos ou instalacións que deban reverter ao Concello cando remate o contrato.

7.- O adxudicatario deberá permitir o acceso aos servizos que presta a toda persoa, e atender aos usuarios coa corrección e decoro debidos.

8.- Manter en perfecto estado de conservación, hixiene e limpeza as dependencias, servizos e instalacións do quiosco, coidándoo todo co máximo decoro e estética, efectuando pola súa conta as substitucións e a execución das obras de conservación e mantemento necesarias dos elementos que se deteriorenen polo uso das mesmas, respondendo incluso das deterioracións producidas polos usuarios e a devolvelos no mesmo estado no que os recibiu, ao rematar o contrato. Este comportará o deber do adxudicatario de abonar o importe dos danos e perdas que se causasen aos bens ou ao uso xeral ou servizo ao que estivesen destinados.

9.-O adxudicatario quedará obrigado a asumir a limpeza, non só do quiosco, senón do entorno do quiosco. Deberá proceder a limpeza deste espazo, non podendo deixar no entorno do mesmo caixas ou calquera tipo de material. Obrigación de manter en bo estado o dominio público.

10.- Ademais dos traballos de limpeza do baño do quiosco deberá prover de papel hixiénico e xabón correspondente. O acceso ao baño do quiosco será público e gratuíto, tanto para clientes do quiosco como para o público en xeral.

11.- A extracción de lixo e desperdicios producidos polo quiosco, será responsabilidade do concesionario trasladala ata o lugar habilitado para estes efectos.

12.- Aboar os canons na forma prevista nos presentes pregos e o que resulte da oferta presentada conforme aos criterios de adxudicación previstos neste prego.

13.- O adxudicatario queda obrigado ao pago da facturación correspondente aos servizos de enerxía eléctrica, auga e lixo, imputables á adxudicación, e a instalar ás súas expensas os aparatos medidores de consumo que resulten necesarios.

14.- O Concello non se fai responsable das faltas de pagamento do adxudicatario aos seus provedores, nin dos danos ou roubos que podan ocasionarse nas instalacións (quiosco e aseo) ou usuarios das mesmas. Ademais, o adxudicatario



Pontevedra)



36870 Mondariz

Tfno: 986 664 306

Concello de  
Mondariz

Merouces 16

Fax:

986 656 006

[info@concellodemondariz.com](mailto:info@concellodemondariz.com)

deberá proceder á inmediata reparación dos danos, dada a proximidade coa praia fluvial.

#### 15.- Horario a cumprir

15.1. Nos meses de xuño-setembro (ámbolos dous inclusive), o quiosco deberá permanecer aberto todos os días, como mínimo, co seguinte horario:

- Mínimo de 12 horas a 21 horas.

15.2. Para o resto do ano deberá realizar unha proposta ao Concello a cal deberá ser aceptada polo mesmo.

15.3. En todo caso o adxudicatario deberá abrir o quiosco no caso de que sexa requirido polo Concello, por mor de calquera actividade que se vaia a desenvolver na praia fluvial (visitas culturais, visitas escolares, etc.) que requiran unha ampliación do horario coa finalidade de prestar un mellor servizo ós usuarios da praia fluvial.

15.4. En todo caso, prohíbese que o quiosco permaneza aberto ó público entre as 2 horas e as 8 horas da mañá, incluso no caso de festivos ou vésperas destes, salvo autorización expresa do Concello, previa solicitude do adxudicatario.

15.5. No caso de que condicións climatolóxicas adversas dificulten ou complique a apertura do quiosco, o adxudicatario (previa comunicación e consentimento do Concello) poderá non proceder á apertura do quiosco por estes motivos.

16.- O adxudicatario será directamente responsable en relación con terceiros, dos danos causados como consecuencia do funcionamento normal ou anormal das instalacións concedidas.

O adxudicatario será responsable dos danos e prexuízos que se produzan a terceiros, como consecuencia do exercicio da actividade, sendo do seu cargo o pago das indemnizacións que por elo se deriven, así coma o abono das primas de seguros que se puideran concertar para cubrir tales riscos.

Obrigatoriamente, e con carácter previo á formalización do contrato, o adxudicatario deberá ter subscrita a correspondente póliza de responsabilidade civil, que deberá estar en vigor no momento de comezo de prestación, e por un importe mínimo de 150.000 euros por sinistro.



Pontevedra)



36870 Mondariz

Tfno: 986 664 306

Concello de  
Mondariz

Merouces 16

Fax:

986 656 006

[info@concellodemondariz.com](mailto:info@concellodemondariz.com)

Obrigatoriamente, e con carácter previo á formalización do contrato, o adxudicatario deberá ter subscrita a correspondente póliza de cobertura de tódolos inmobles e enseres obxecto da adxudicación, e por un importe mínimo de 40.000 euros.

Copia das dúas pólizas mencionadas serán aportadas ao Concello antes da formalización do contrato, así como a acreditación do seu pagamento.

O Concello poderá en calquera momento esixir do adxudicatario os xustificantes do pagamento regular das primas de seguros.

17.- Permitir as inspeccións técnicas que o Concello estime pertinentes, debendo realiza-las correccións que procedan, ben de oficio ou a requirimento do Concello, para asegurar as condicións de seguridade, saúde e ornato público, e o cumprimento detódalas súas obrigas pola parte do adxudicatario, especialmente as relativas á limpeza do quiosco e os demais servizos da praia fluvial.

18.- Contar coas follas oficiais de reclamacións a disposición dos clientes, segundo a normativa aplicable.

Ao marxe da consulta por calquera outra Administración competente, estas follas poderán ser consultadas polo Concello en calquera momento.

Así mesmo, o adxudicatario deberá comunicar ó Concello nun prazo de 5 días, as queixas recibidas.

19.- O adxudicatario deberá manter á vista do público a lista de prezos vixentes en cada momento.

20.- A contratación do persoal necesario para o axeitado desenvolvemento do servizo será realizada polo adxudicatario segundo á normativa laboral aplicable cumprindo con todos os deberes e requisitos impostos pola mesma, sen que exista ningún tipo de relación laboral ou doutro carácter entre o Concello e os empregados do adxudicatario.

21.- En ningún caso ao Concello resultará responsable das obrigas do adxudicatario cos seus traballadores, aínda cando os despedidos e medidas que se adopten sexan consecuencia directa ou indirecta do incumprimento ou interpretación do contrato establecido.

22.- Cumprir coas obrigas fiscais, de Seguridade Social, e laborais, incluíndo o relativo á seguridade e hixiene no traballo e á prevención de riscos laborais.

23.- Cumprir coas obrigas de carácter sanitario.



Pontevedra)



36870 Mondariz

Tfno: 986 664 306

Concello de  
Mondariz

Merouces 16

Fax:

986 656 006

[info@concellodemondariz.com](mailto:info@concellodemondariz.com)

24.- Cumprir co resto da normativa vixente que lle sexa de aplicación á actividade que vai realizar, así como obter as previas licenzas e autorizacións pertinentes para o exercicio da actividade.

25.- O adxudicatario non poderá realizar no ben actividade algunha diferente á que constitúe o obxecto propio da adxudicación, sen a previa obtención dos permisos ou licenzas correspondentes, e sen a expresa autorización do Concello. No caso de que se producise esta autorización, e a obtención dos permisos ou licenzas antes mencionados fose tramitada polo Concello (ben por así decidilo este ou ben porque fose obrigatorio), o adxudicatario correrá con tódolos gastos que ocasione a tramitación do correspondente expediente.

26.- O adxudicatario non poderá realizar no ben obra algunha sen a previa obtención dos permisos ou licenzas correspondentes, e sen a expresa autorización do Concello. No caso de que se producise esta autorización, e a obtención dos permisos ou licenzas antes mencionados fose tramitada polo Concello (ben por así decidilo este ou ben porque fose obrigatorio), o adxudicatario correrá con tódolos gastos que ocasione a tramitación do correspondente expediente.

27.- Dereito a usar de forma privativa, limitativa e excluínte a porción do dominio público obxecto da adxudicación. O adxudicatario ten dereito a ser mantido no uso e desfrute das instalacións obxecto da adxudicación.

28.- Obrigación de abandonar e deixar libres a disposición da Entidade Local, dentro do prazo fixado, os bens obxecto da utilización, recoñecendo a potestade daquela para acordar e executar por si o lanzamento.

29.- No local non poderán instalarse máquinas de xogo de azar, nin de apostas deportivas, nin de tabaco.

#### **CLÁUSULA OITAVA. Facultades da Corporación**

— Deixar sen efecto a adxudicación antes do vencemento se o xustificasen circunstancias sobrevidas de interese público, mediante resarcimento dos danos que causasen, ou sen el cando non procedese.

— Inspeccionar en calquera momento os bens obxecto de adxudicación, as instalacións e construcións.





Pontevedra)



36870 Mondariz

Tfno: 986 664 306

Concello de  
Mondariz

Merouces 16

Fax:

986 656 006

[info@concellodemondariz.com](mailto:info@concellodemondariz.com)

— Calquera outra que estea recollida neste prego ou lle confira a lexislación vixente.

### **CLÁUSULA NOVENA. Finalización e Reversión**

Finalizado o prazo de adxudicación do servizo reverterán a favor do Concello as instalacións e mobiliario postos a disposición do adxudicatario, así como tamén as instalacións fixas que se tiveran establecido por este último, fixándose nun MES o prazo prudencial anterior á reversión, para que o Concello poida adoptar as disposicións encamiñadas a verificar que a entrega dos bens anteriormente citados estean nas adecuadas condicións. Finalizado o prazo de adxudicación, o seu titular virá obrigado a abandonar e deixar libre e a disposición do Concello o local obxecto do contrato quedando expresamente recoñecida a potestade do Concello para acordar e executar por si o lanzamento, se o desaloxo non se producira voluntariamente. Así mesmo ao finalizar o prazo da adxudicación do servizo, o adxudicatario deberá deixar o local e as súas instalacións en perfecto estado de uso e conservación, quedando obrigado, no seu caso, a aboar ao Concello os danos e prexuízos que eles orixinasen.

En calquera momento, o Concello poderá designar os técnicos que estime oportunos para inspeccionar o estado do ben; e a partires do mes anterior ao cumprimento do prazo o contrato, o Concello poderá ordenar as obras e traballos de reparación ou reposición que estime necesarias para manter o ben nas condicións axeitadas. Estas obras ou traballos serán de conta do adxudicatario.

### **CLÁUSULA DÉCIMA. Extinción da Adxudicación**

A adxudicación outorgada extínguese por:

- Morte ou incapacidade sobrevida do usuario ou adxudicatario individual ou extinción da personalidade xurídica.
- Falta de autorización previa nos supostos de transmisión ou modificación, por fusión, absorción ou escisión, da personalidade xurídica do usuario ou adxudicatario.
- Caducidade por vencemento do prazo.
- Rescisión da adxudicación, previa indemnización se procede.
- Mutuo acordo.





Pontevedra)



36870 Mondariz

Tfno: 986 664 306

Concello de  
Mondariz

Merouces 16

Fax:

986 656 006

[info@concellodemondariz.com](mailto:info@concellodemondariz.com)

- Falta de pago do canon ou calquera outro incumprimento grave das obrigas do titular da adxudicación, declarados polo órgano que outorgou a adxudicación.
- Desaparición do ben ou esgotamento do aproveitamento.
- Desafectación do ben, en cuxo caso procederase a súa liquidación conforme ao previsto no artigo 102 da Lei 33/2003.
- Resolución xudicial.
- Calquera outra causa prevista nas condicións xerais ou particulares pola que se rexe a adxudicación.

### **CLÁUSULA UNDÉCIMA. Acreditación da Aptitude para Contratar**

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 60 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro de CSP. Así mesmo, atendendo á especificidade do contrato, os/as adxudicatarios/as do contrato deberán ser persoas físicas ou xurídicas cuxa finalidade e actividade garde relación co obxecto do contrato.

A proba, por parte dos empresarios, de non estar incurso en prohibicións para contratar, poderase realizar mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando o dito documento non poda ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

### **CLÁUSULA DUODÉCIMA. Presentación de Proposicións**

As ofertas presentaranse no Concello de Mondariz, Rúa Merouces, nº 16 - 36870 - Mondariz - Pontevedra, en horario de atención ao público, de luns a venres de 09:00 a 14:00 horas, dentro do prazo de OITO DÍAS NATURAIS contado desde a publicación do anuncio do contrato no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Perfil de Contratante do Concello.

As proposicións poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares



Pontevedra)



36870 Mondariz

Tfno: 986 664 306

Concello de  
Mondariz

Merouces 16

Fax:

986 656 006

[info@concellodemondariz.com](mailto:info@concellodemondariz.com)

establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando as proposicións sexan enviadas por correo, o empresario deberá xustificar a data e hora da presentación do envío e anunciar ao órgano de contratación, dentro da data e hora establecidos como prazo de presentación, a remisión da oferta mediante fax ou telegrama no que se consigne o título completo do contrato e o nome do licitador. A acreditación da recepción do referido fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida no mesmo pola Secretaria municipal.

Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación, con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na Disposición Adicional Décimo sexta do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurase en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda **«Proposición para a adxudicación por procedemento aberto do quiosco da praia fluvial de O Ceo, en Mondariz»**.

A denominación dos sobres é a seguinte:

— **Sobre «A»: Documentación administrativa.**



Pontevedra)



36870 Mondariz

Tfno: 986 664 306

Concello de  
Mondariz

Merouces 16

Fax:

986 656 006

[info@concellodemondariz.com](mailto:info@concellodemondariz.com)

— Sobre «B»: **Memoria dos produtos e servizos e acreditación de experiencia.**

— Sobre «C»: **Proposición económica.**

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias, conforme á Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

- **O SOBRE A).** En virtude do establecido no artigo 146.4 substituirase a achega inicial de documentación prevista no artigo 146.1 do TRLCSP por unha Declaración Responsable do licitador indicando que cumpre coas condicións establecidas legalmente para contratar pola administración, esta declaración presentarase no modelo que figura no **Anexo I** destes Pregos.

Este sobre levará por título **“Documentación persoal que se presenta para tomar parte na adxudicación por procedemento aberto, oferta economicamente mais vantaxosa, varios criterios de adxudicación, do quiosco da praia fluvial de O Ceo, en Mondariz, presentada por .....**”

**a) Declaración Responsable do licitador** indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

#### «MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, r/ \_\_\_\_\_, n.º \_\_, con DNI n.º \_\_\_\_\_, en



Pontevedra)



36870 Mondariz

Tfno: 986 664 306

Concello de  
Mondariz

Merouces 16

Fax:

986 656 006

[info@concellodemondariz.com](mailto:info@concellodemondariz.com)

representación da Entidade \_\_\_\_\_, con CIF n.º \_\_\_\_\_, a efectos da súa participación na licitación \_\_\_\_\_, ante

\_\_\_\_\_

### **DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

**PRIMEIRO.** Que se dispón a participar na contratación de explotación do quiosco situado na praia fluvial de O Ceo

**SEGUNDO.** Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato de explotación do quiosco situado na praia fluvial de O Ceo, en concreto:

- Que posúe personalidade xurídica e, se é o caso, representación.
- Que está debidamente clasificada a empresa ou, se é o caso, que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras)
- Que o enderezo de correo electrónico en que efectuar notificacións é \_\_\_\_\_.

**TERCEIRO.** Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.



(Pontevedra)



36870 Mondariz

Tfno: 986 664 306

Concello de  
Mondariz

Merouces 16

Fax:

986 656 006

[info@concellodemondariz.com](mailto:info@concellodemondariz.com)

E para que conste, asino a presente declaración.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

Sinatura do declarante,

Asdo.: \_\_\_\_\_»

De acordo co establecido no artigo 146.5 do TRLCSP o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa administración será o de finalización do prazo de presentación das proposicións.

O licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos e deberá presentar, de conformidade co artigo 146 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, a seguinte documentación, que deberá reunir os requisitos de autenticidade previstos nas Leis (non obstante o órgano de contratación poderá solicitar en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación que os licitadores acheguen a citada documentación):

### **1º) Documentos acreditativos da personalidade xurídica:**

Os empresarios individuais, copia auténtica do DNI/NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.

Os empresarios persoas xurídicas, copia auténtica do CIF, copia auténtica do DNI/NIF da persoa que actúe en representación da empresa, a escritura ou os documentos en que conste a constitución da entidade e os estatutos polos que se rexa, debidamente inscritos no Rexistro Mercantil ou no que corresponda.



Pontevedra)



36870 Mondariz

Tfno: 986 664 306

Concello de  
Mondariz

Merouces 16

Fax:

986 656 006

[info@concellodemondariz.com](mailto:info@concellodemondariz.com)

A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

## **2º) Documentos acreditativos da representación:**

Cando a proposición non apareza asinada polos licitadores deberá incluírse o poder outorgado a favor de quen ou quen subscriban a proposición xunto cunha copia auténtica do documento nacional de Identidade dos apoderados. Os poderes poderán ser bastanteados pola Secretaria da Corporación cando se proceda á apertura da documentación presentada se consta a documentación necesaria.

Así mesmo, deberá acompañar declaración responsable de que o poder outorgado permanece en vigor a efectos de tomar parte na licitación.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que dita inscrición a esixa o Regulamento do Rexistro Mercantil.

## **3º) Documento de compromiso de constituír, se é o caso, unha Unión Temporal de Empresas:**

Nos casos en que varios empresarios concorran agrupados en unión Temporal acercarán ademais un documento, que poderá ser privado, no que, para o caso de resultar adxudicatarios, se comprometan a constituíla. Este documento deberá ir firmado polo representante de cada unha das empresas e nel expresarase a persoa a quen designan representante da UTE ante a administración a tódolos efectos relativos ó contrato, así como a participación que a cada un deles lles corresponda na UTE.



Pontevedra)



36870 Mondariz

Tfno: 986 664 306

Concello de  
Mondariz

Merouces 16

Fax:

986 656 006

[info@concellodemondariz.com](mailto:info@concellodemondariz.com)

#### **4º) Documentos acreditativos de atoparse ó corrente das obrigas tributarias fronte ó Estado e Comunidade Autónoma e fronte á Tesourería da Seguridade Social:**

